

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

DECRETO 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

O pasado 5 de outubro de 2011 publicouse a Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, a cal regula a dita titularidade das explotacións co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.

Para que a titularidade compartida das explotacións agrarias produza todos os seus efectos xurídicos, o artigo 6 da dita lei prevé a inscrición previa nun rexistro constituído para o efecto.

Por outra banda, mediante o Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (DOG nº 218, do 10 de novembro), organizouse e regulouse o funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, integrando nel o Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no previsto nos artigos 6 e seguintes da Lei 35/2011, considérase factible crear no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia unha nova sección para as explotacións agrarias de titularidade compartida.

Ademais, transcorridos tres anos desde a promulgación do Decreto 253/2008 e dada a experiencia na súa xestión, cómpre realizar unha serie de modificacións no seu capítulo II, referente á organización e ao funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Porén, por razóns de seguridade xurídica e mellor comprensión dos destinatarios da norma, considérase conveniente publicar un novo decreto en que figure o articulado definitivo resultante das modificacións e incorporacións propostas. Esas mesmas razóns obrigan a reproducir artigos da Lei 35/2011, de xeito que se facilite o entendemento da norma.

En consecuencia, por proposta da conselleira do Medio Rural e do Mar, de acordo co ditame do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día catro de outubro de dous mil doce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto deste decreto é:

a) Organizar e regular o funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), como instrumento público que permita dispoñer, de maneira permanente, integrada e actualizada, de toda a información precisa para un desenvolvemento adecuado do sector agrogandeiro galego e a súa planificación e ordenación, así como o emprego dos datos rexistrados para a súa explotación con fins estatísticos.

b) Determinar os requisitos para a cualificación das explotacións como prioritarias e establecer o modo de acreditación das restantes explotacións agrarias.

c) Crear unha sección específica para o Rexistro de Titularidade Compartida das Explotacións Agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia en atención á Lei estatal 35/2011, co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Este decreto será de aplicación ás explotacións agrarias situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Nos casos en que unha explotación estea integrada parcialmente por elementos territoriais situados noutra comunidade autónoma, considerarase dentro do ámbito de aplicación deste decreto cando a maior parte da súa base territorial estea situada na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Natureza do rexistro*

1. O Reaga ten carácter administrativo, sendo a súa finalidade a inscrición das explotacións agrarias da Comunidade Autónoma de Galicia, organizada por provincias. Este

registro non dirimirá cuestións relacionadas coa propiedade dos bens nin coa titularidade dos dereitos que integran as explotacións, as cales terán que se substanciar a través das canles legais e procedementais correspondentes.

2. Os datos do Reaga estarán sometidos á regulación contida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos do disposto neste decreto enténdese por:

1. Explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola súa persoa titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

2. Explotación agraria de titularidade compartida é a unidade económica, sen personalidade xurídica e susceptible de imposición para efectos fiscais, que é constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade para a xestión conxunta da explotación agraria.

3. Actividade agraria, entenderase como:

a) O conxunto de traballos que se requiren para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais ou para o mantemento das terras en boas condicións agrarias e ambientais.

b) Así mesmo, para os efectos deste decreto e das disposicións correspondentes ao encadramento no sistema especial para traballadores/as por conta propia agrarios/as incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores/as por conta propia ou autónomos/as, considerarase como actividade agraria a venda directa por parte de agricultoras ou agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

c) Considérase tamén actividade agraria toda aquela que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación agraria.

4. Elementos da explotación: os bens inmoables de natureza rústica e calquera outro que sexa obxecto de aproveitamento agrario permanente; a vivenda con dependencias

agrarias; as construcións e instalacións agrarias, incluso de natureza industrial, e os gandos, máquinas e apeiros, integrados na explotación e afectos a ela, cuxo aproveitamento e utilización corresponden a calquera das persoas titulares referidas no número 6 deste artigo, en réxime de propiedade, arrendamento ou outro título xurídico que habilite para o exercicio da actividade agraria. Así mesmo, constitúen elementos da explotación todos os dereitos e as obrigas, incluídos os de produción e plantación, que poidan corresponder ás súas persoas titulares e estean afectos á explotación.

5. Unidade de produción: conxunto de elementos da explotación agraria que están separados do resto e que constitúen unha unidade de xestión técnica.

6. Titular da explotación: a persoa física, sexa en réxime de titularidade única sexa en réxime de titularidade compartida inscrita na sección correspondente, ou a persoa xurídica, que exerce a actividade agraria organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da xestión da explotación. Para os efectos do disposto neste decreto, a persoa titular da explotación poderá selo pola súa condición de propietaria, arrendataria, parceira, cesionaria ou outro concepto análogo, dos predios ou elementos materiais da respectiva explotación agraria. Para os efectos dunha explotación gandeira, entenderase tamén como titular a persoa responsable dos animais, aínda que sexa con carácter temporal. Para os efectos do rexistro, distinguirase entre:

a) Titular individual. Cando a actividade agraria sexa exercida por unha única persoa física.

b) Titularidade comunidade hereditaria. A titularidade pertence ao conxunto dos herdeiros dunha comunidade hereditaria que constitúe unha explotación familiar con titulares persoas físicas, segundo a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

c) Titularidade compartida. Cando a actividade agraria é exercida por dúas persoas, de acordo co establecido nos capítulos I e II da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, e está debidamente inscrita no correspondente rexistro público.

d) Titularidade societaria. Cando a titularidade da explotación corresponda a unha entidade asociativa que agrupe distintas persoas socias ou asociadas. A titularidade rexerese polos estatutos ou pola normativa que regula a forma societaria de que se trate.

7. Renda total da persoa titular da explotación: a renda fiscalmente declarada como tal por ela no último exercicio, excluindo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

8. Persoa agricultora profesional: a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña polo menos o 50 por cento da súa renda total de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, sempre e cando a parte de renda procedente directamente da actividade agraria non sexa inferior ao 25 por cento da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes estean vinculados ao sector agrario, as de transformación dos produtos da súa explotación e venda directa dos produtos transformados, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, as cinxéticas e as artesanais realizadas na súa explotación.

9. Persoa agricultora a título principal: a persoa agricultora profesional que obteña polo menos o 50 por 100 da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación e que o tempo de traballo que dedique a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

10. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo, cun mínimo de 1.920 horas durante un ano, á actividade agraria.

11. Renda unitaria de traballo (RUT): o rendemento económico xerado na explotación agraria que se atribúe á unidade de traballo e que se obtén dividindo entre o número de unidades de traballo agrario dedicadas á explotación a cifra resultante de sumar a marxe neta, o excedente neto da explotación e o importe dos salarios pagados.

12. Renda de referencia: o indicador relativo aos salarios brutos non agrarios en España. A determinación da súa contía será establecida anualmente polo ministerio con competencia en materia agraria en concordancia co previsto ao respecto na normativa da Unión Europea e tendo en conta os datos de salarios publicados polo Instituto Nacional de Estadística.

CAPÍTULO II

Organización e funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de GaliciaArtigo 5. *Xestión do Reaga*

1. A xestión e coordinación do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia correspóndelle á consellería competente en materia agraria, a través da dirección xeral a que lle correspondan as competencias en materia de produción agropecuaria, que impulsará a aplicación de sistemas informáticos admitidos pola normativa específica para cubrir do xeito máis áxil os datos que compoñen o rexistro, sen prexuízo da canle de comunicación que elixa o cidadán na súa relación coa Administración, en atención aos artigos 6.1 e 27.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. O Reaga organízase nas seguintes seccións:

- a) Explotacións Agrarias Prioritarias.
- b) Explotacións Agrarias de Titularidade Compartida.
- c) Outras Explotacións Agrarias.

3. Sen prexuízo das competencias da persoa titular da dirección xeral competente en materia de produción agropecuaria para resolver sobre as inscricións, modificacións, denegacións ou cancelacións neste rexistro, e da posibilidade da súa delegación, a súa xestión poderá desconcentrarse nas unidades administrativas provinciais da consellería competente en materia agraria.

Artigo 6. *Inscrición*

1. A inscrición no Reaga poderá realizarse dalgún dos seguintes xeitos:

a) Por petición da persoa titular ou representante, no caso de que a titularidade a represente unha figura societaria, da explotación agraria. A consellería competente en materia agraria establecerá os modelos normalizados de solicitude, así como dos documentos que deberán acompañala. Esta solicitude, e demais documentación, poderase presentar nas respectivas oficinas agrarias comarcais, nas xefaturas territoriais provinciais da consellería competente en materia agraria, en calquera outra oficina administrativa, nos lugares admitidos, segundo o establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou tamén

se poderá presentar electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <http://www.xunta.es/sede-electronica>.

b) De oficio: pola propia consellería competente en materia agraria e a partir da información existente nas bases de datos desa consellería. Poderá realizarse en calquera sección do rexistro, a excepción da inscrición no Rexistro de Titularidade Compartida, que será de carácter constitutivo e consonte o artigo 23 do presente decreto. As propostas de inscrición de oficio comunicaranse ás persoas interesadas para que expresen a súa conformidade ou, de ser o caso, para a súa complementación, corrección de datos ou oposición á inscrición. A proposta de inscrición entenderase conforme se, tras a notificación desta, as persoas interesadas non presentan alegacións contra ela no prazo de quince días.

3. A inscrición no rexistro manterá a súa vixencia mentres non se proceda á súa cancelación ou baixa, sen prexuízo das modificacións que procedan.

Artigo 7. *Resolución*

1. Unha vez comprobado o cumprimento ou, no caso da inscrición de oficio, a concorrencia, dos requisitos exixidos á persoa titular ou titulares da explotación, a xefatura territorial da consellería competente en materia agraria propondrá a práctica da inscrición, a cal resolverá o director xeral competente en materia de produción agropecuaria no prazo máximo de tres meses desde a data da solicitude ou do acordo de inicio, ordenarase a inscrición da explotación no Reaga e comunicarse tal circunstancia á persoa titular da explotación, segundo o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A falta de notificación da resolución no dito prazo poderase entender estimatoria da solicitude de inscrición. A resolución non pon fin á vía administrativa e poderá ser impugnada en alzada ante o conselleiro competente en materia agraria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Artigo 8. *Datos da inscrición*

Na inscrición faranse constar os seguintes datos:

1. Datos de identificación persoal: clase e tipo de titular, axudas agrarias percibidas, cualificación profesional das persoas titulares ou cotitulares e documentación que acredite a alta na actividade agraria e a afiliación á Seguridade Social, facendo constar o número

de empresa no caso de persoas xurídicas. No caso de explotacións agrarias asociativas incluírase, ademais, a razón social.

2. Datos da explotación: localización, orientacións e capacidades produtivas, censo de animais, base territorial, calquera que sexa o seu réxime de posesión, con referencias do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac), superficie e tipo de cultivo, edificios e instalacións agrícolas e gandeiras, e maquinaria da explotación.

3. A inscrición no rexistro comportará a autorización ao órgano xestor da consellería con competencia en materia agraria para solicitar os informes ou a información que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás denegación expresa por parte da persoa titular, que deberá presentar nese caso as certificacións nos termos previstos regulamentariamente. Estas comprobacións poderán efectuarse en calquera momento posterior á inscrición, segundo vén establecido no punto 3 do artigo 10.

Artigo 9. *Identificación das explotacións*

1. As explotacións poderán estar constituídas por diferentes unidades de produción pertencentes a unha mesma persoa titular, aínda cando radiquen en lugares xeograficamente distintos.

2. A cada explotación agraria asignaráselle unha numeración que se corresponderá co código da provincia, o do municipio e un número correlativo, mentres que no caso das explotacións gandeiras será equivalente ao código asignado polo Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras ao abeiro do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

3. A determinación da zona a que pertence cada explotación efectuarase de acordo coas condicións específicas que correspondan ao municipio asignado á explotación, en función da pertenza a este da fracción maioritaria dos elementos da explotación a que fai referencia o punto 4 do artigo 4.

Artigo 10. *Actualización do rexistro*

1. O Reaga actualizarase dalgún dos seguintes xeitos:

a) Por petición da persoa titular, que deberá comunicar as modificacións substanciais da súa explotación, na forma e no período que regulamentariamente se estableza. No caso de falecemento ou incapacidade da persoa anterior titular, farase por petición da nova persoa titular.

b) De oficio: por parte da consellería competente en materia agraria, a cal poderá utilizar as súas bases de datos para actualizar periodicamente este rexistro.

2. Para estes efectos, consideraranse modificacións substanciais as seguintes:

a) Os cambios nas orientacións produtivas da explotación.

b) Os cambios na superficie da base territorial que constitúe a explotación agraria.

c) Os cambios de titularidade da explotación agraria. Nesta situación será necesaria a comunicación da anterior e da nova persoa titular, debendo presentar para o dito cambio a documentación xustificativa necesaria e admitida en dereito.

d) Os cambios de capacidade en explotacións gandeiras.

e) Calquera outro que regulamentariamente se estableza.

3. A unidade encargada do rexistro poderá realizar, en todo momento, as comprobacións que considere pertinentes e proceder, se é o caso, ás modificacións correspondentes, ou á súa cancelación/baixa por desaparición da explotación ou porque deixe de reunir os requisitos exixidos para a súa inscrición, tras a audiencia previa, en calquera caso, da persoa interesada. No caso de non presentar alegacións tras a comunicación do trámite de audiencia, entenderanse aceptadas as modificacións ou, se é o caso, a baixa da explotación do rexistro.

Artigo 11. *Baixa no rexistro*

1. As explotacións inscritas poderán darse de baixa:

a) Por petición da persoa titular, mediante impreso de solicitude normalizada, presentada pola persoa titular ou a súa representante, cando deixe de cumprir os requisitos exixidos para considerarse obxecto da inscrición.

b) De oficio, de acordo coa información existente nas bases de datos da consellería competente en materia agraria e tras a correspondente comunicación á persoa interesada.

c) Polas causas establecidas nas leis sectoriais, nas disposicións de carácter xeral ou por resolución xudicial.

2. No caso de explotacións agrarias que xa constan inscritas noutros rexistros específicos, serán causas de baixa as que prevexa a normativa reguladora correspondente.

3. No caso de explotacións agrarias inscritas no Reaga na Sección de Explotacións Agrarias Prioritarias ou na Sección Outras Explotacións Agrarias, serán causas de baixa, ademais da totalidade dos supostos recollidos no número 1 e sempre que non exista sucesión ou cambio de titularidade da explotación, as seguintes:

a) O falecemento da persoa titular.

b) A incapacidade laboral permanente total, a incapacidade absoluta ou a grande invalidez para a actividade agraria da persoa titular, de acordo coa clasificación establecida pola Seguridade Social.

c) A xubilación da persoa titular.

d) O cesamento da persoa titular na actividade agraria.

e) A destrución ou deterioración dos elementos da explotación que imposibiliten a súa continuidade.

f) Calquera outra que implique a desaparición da explotación, entendida nos termos que figuran no artigo 4.

4. No caso de explotacións agrarias inscritas no Reaga na Sección de Explotacións Agrarias de Titularidade Compartida, serán causas de baixa, ademais das enumeradas no número 3 deste artigo, as establecidas no artigo 8.1 da Lei 35/2011, do 4 de outubro.

5. Todas as resolucións de baixa serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO III Explotacións agrarias prioritarias

Artigo 12. *Obxecto e finalidade*

1. As explotacións agrarias que cumpran os requisitos establecidos neste capítulo, segundo sexa a súa persoa titular unha persoa física ou asociativa, e os requisitos dos ar-

tigos 4, 5 e 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, e as súas sucesivas modificacións, terán a consideración de prioritarias de acordo co establecido e inscribíranse no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia na Sección de Explotacións Agrarias Prioritarias.

2. A cualificación dunha explotación como explotación agraria prioritaria acreditarase mediante certificación para o efecto, expedida pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de produción agropecuaria, que se remitirá á persoa interesada e ao órgano competente do ministerio competente en materia de agricultura, para os efectos da súa inclusión no Catálogo xeral de explotacións prioritarias creado pola citada Lei 19/1995, do 4 de xullo.

3. De acordo co establecido na devandita Lei 19/1995, a cualificación da explotación agraria como prioritaria posibilitará a obtención preferente de beneficios, axudas e calquera outra medida de fomento prevista naquela ou noutra normativa ao respecto.

4. Para que poida ser cualificada como prioritaria unha explotación agraria, deberá posibilitar a ocupación, polo menos, dunha unidade de traballo agrario (UTA) e que a súa renda unitaria do traballo sexa igual ou superior ao 35 % da renda de referencia e inferior ao 120 %, sen prexuízo do establecido no artigo 19.

5. As persoas titulares das explotacións agrarias prioritarias deberanlle entregar ao órgano competente unha declaración responsable anual que acredite que se manteñen as condicións do recoñecemento. Este procedemento establecerase mediante orde anual.

Artigo 13. *Determinación da renda unitaria de traballo*

1. Para fixar e determinar a renda unitaria de traballo (RUT), segundo o disposto no artigo 4.11, terase en conta o seguinte:

a) A marxe bruta, que é a diferenza entre os ingresos brutos da explotación e os seus gastos variables.

b) A marxe neta, que é a diferenza entre os ingresos da explotación derivados do conxunto das actividades produtivas, incluídas as subvencións de explotación, e todos os gastos fixos e variables, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e da man de obra familiar.

c) A dita marxe neta poderá estimarse como resultado de restar os gastos fixos contabilizados ou, no seu defecto, estimados, de cada explotación, non imputados nas marxes

brutas, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e do traballo familiar, da suma das marxes brutas das actividades produtivas da explotación.

Tal estimación farase no caso de que a persoa titular da explotación solicite, ao mesmo tempo, unha axuda para a primeira instalación ou a modernización das explotacións agrarias ao abeiro das correspondentes ordes de axudas da comunidade autónoma.

d) As marxes brutas ou netas para as distintas actividades produtivas modularanse a través dunha orde anual da consellería competente en materia agraria.

2. En calquera caso, as persoas titulares de explotacións poderán solicitar a determinación da renda unitaria de traballo baseándose nos datos da súa contabilidade documentalmente acreditados e, se é o caso, da documentación relativa á Seguridade Social.

3. En relación coas unidades de traballo agrario (UTA) da explotación, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Cando a persoa titular sexa persoa física, a achega de man de obra acreditarase da seguinte maneira:

1º A man de obra familiar da persoa titular, cotitular e familiares que estean afiliados á Seguridade Social, co informe de vida laboral de cada unha deles.

2º A man de obra familiar da persoa titular da explotación, ata o segundo grao incluído, por consanguinidade ou afinidade e, se é o caso, por adopción, que convivan no seu domicilio e estean ao seu cargo, que, estando ocupados na súa explotación, non teñan a obriga de afiliarse ao correspondente réxime da Seguridade Social, poderá estimarse ata un máximo de 0,5 unidades de traballo agrario pola primeira persoa traballadora e 0,25 unidades por cada un dos restantes membros. Esta circunstancia acreditarase mediante declaración xurada da persoa titular solicitante, acompañada da copia do DNI de cada un/unha dos/das familiares, dun informe de vida laboral e do correspondente xustificante de que a persoa ou persoas a que se refire a declaración están ao seu cargo como beneficiarios/as na Seguridade Social e tamén na declaración do IRPF.

3º A man de obra asalariada acreditarase documentalmente co DNI, contrato de traballo e informe de vida laboral da empresa.

b) Cando a persoa titular sexa persoa xurídica, computarase unicamente a man de obra achegada polos socios/as asalariados/as mediante o DNI, o informe de vida laboral destes,

as súas declaracións do IRPF e os seus certificados de retencións; mentres que no caso de asalariados non socios computarase mediante a presentación do DNI, o contrato de traballo e o informe de vida laboral da empresa.

Artigo 14. Explotacións prioritarias con titular persoa física

1. Cando a persoa titular da explotación sexa unha persoa física, para ser cualificada como prioritaria, deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Ser persoa agricultora profesional de acordo coa definición do artigo 4.8 deste decreto.

b) Acreditar estar dada de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social.

c) Posuír unha capacitación profesional suficiente para o desempeño da súa actividade.

d) Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 65 anos, o que se acreditará mediante copia cotexada do documento nacional de identidade.

e) Residir na comarca onde radique a explotación ou noutra limítrofe, que acreditará cun certificado de empadramento do concello correspondente, agás casos excepcionais de forza maior ou de necesidade, apreciados pola consellería competente en materia agraria. Para tal efecto, aplicarase o mapa de comarcalización da Comunidade Autónoma de Galicia vixente.

2. As explotacións agrarias de titularidade compartida definidas no artigo 4.6.b) deste decreto terán a consideración de explotacións prioritarias para os efectos previstos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, cando se cumpran adicionalmente aos requisitos previstos no artigo 3 da Lei 35/2011 os dous requisitos seguintes:

a) Que a renda unitaria de traballo que se obteña da explotación non supere nun 50 por 100 o máximo do establecido na lexislación correspondente para as explotacións prioritarias.

b) Unha das dúas persoas titulares sexa agricultora profesional, de acordo co establecido no do artigo 4.8 deste decreto.

3. Cando a persoa titular da explotación fose unha comunidade de persoas herdeiras, só poderá cualificarse a explotación como prioritaria cando exista un pacto de indivisión por

un período mínimo de 6 anos, contado a partir da data da cualificación desta como tal, e se, polo menos, unha das persoas comuneiras cumpre os requisitos establecidos no punto primeiro deste artigo.

Artigo 15. Cálculo da renda da persoa titular da explotación

Para os efectos do establecido no artigo anterior, para o cálculo da renda da persoa titular da explotación, imputaranse as seguintes rendas:

1. A renda da actividade agraria da explotación, que se calculará:

a) No caso de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas en réxime de estimación obxectiva, sumando ao rendemento neto de módulos os importes das dotacións á amortización e outras reducións efectuadas na súa determinación, sen incluír as correspondentes aos índices correctores aplicados.

b) No caso de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas en réxime de estimación directa, sumando ao rendemento neto as dotacións á amortización deducidas no exercicio.

2. As rendas procedentes doutras actividades empresariais ou profesionais, así como as rendas procedentes do traballo desenvolvido fóra da explotación, incluídas as pensións e os haberes pasivos que fiscalmente teña obriga de declarar.

3. O 50 % das rendas do capital mobiliario e inmobiliario, no caso de réxime de ganancias, e o 100 % das súas rendas privadas.

Non obstante o anterior, poderá utilizarse para a avaliación da renda total da persoa titular da explotación a media das rendas fiscalmente declaradas como tales por esta durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, excluíndo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

Nas zonas xeográficas ou sectores produtivos en que se produzan situacións excepcionais de danos, motivadas por secas, xeadas, inundacións, epizootias ou outras causas similares, sempre que oficialmente se declaren e a persoa titular da explotación acredite a súa dedicación á agricultura no último ano fiscal declarado, poderanse eliminar, para o cálculo da media dos cinco últimos exercicios declarados, os exercicios fiscais en que se producen as circunstancias excepcionais.

No caso de que as situacións excepcionais se producisen no último exercicio fiscal declarado e non sexa posible considerar tres exercicios normais nos catro anteriores, por non terse dedicado a persoa titular da explotación á actividade agraria, poderá utilizarse a media das rendas fiscalmente declaradas como tales durante o máximo posible de exercicios normais computables.

Artigo 16. *Acreditación da afiliación á Seguridade Social*

A acreditación de estar dada de alta no réxime da Seguridade Social na actividade agraria realizarase coa achega do informe de vida laboral ou a certificación de afiliación emitidos pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Artigo 17. *Acreditación da capacitación profesional*

A acreditación da capacitación profesional suficiente a que se refire o artigo 14 realízase dalgún dos seguintes xeitos:

1. Coa documentación xustificativa de ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias ou outra titulación superior na rama agraria.

2. Con cinco anos de exercicio da actividade agraria, que deberá acreditarse, con carácter xeral, cun informe de vida laboral da Seguridade Social ou, de ser o caso, conforme o seguinte:

a) No caso de que unha parte ou a totalidade do exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

b) Os anos en que non se exercese a actividade agraria, ata acadar os cinco anos requiridos, poderán substituírse pola asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, os cales estarán previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria.

c) En calquera caso, os servizos provinciais de explotacións agrarias estudarán a documentación presentada e establecerán a súa idoneidade para os efectos de xustificar a actividade agraria do solicitante.

3. No caso de agricultores/as mozos/as, ademais de para os efectos da súa primeira instalación, para considerar o incremento nas axudas aos investimentos en plans de mellora, a capacitación profesional suficiente xustificárase dalgún dos seguintes xeitos:

a) Mediante copia cotexada da titulación académica de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior da rama agraria.

b) Cun certificado de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, establecidos pola consellería con competencia en materia agraria, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

c) Mediante certificación de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, desenvolvidos por outras entidades competentes en ensinanzas agrarias, sempre que estean previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

Artigo 18. *Explotacións prioritarias con titular entidade asociativa*

1. Cando a persoa titular da explotación sexa unha entidade asociativa, a súa actividade exclusiva será a agraria, feito que se acreditará coa presentación dos estatutos ou documento de constitución da sociedade e a declaración do imposto de sociedades do último exercicio económico, de ser o caso. Así mesmo, a procedencia agraria dos ingresos comprobarase en función das marxes brutas das orientacións produtivas e das actividades económicas da explotación.

2. As explotacións asociativas prioritarias deberán adoptar algunha das formas xurídicas seguintes:

a) Sociedades cooperativas ou sociedades agrarias de transformación.

b) Sociedades civís, laborais ou outras mercantís das que, no caso de que sexan anónimas, as súas accións deberán ser nominativas, sempre que máis do 50 por 100 do capital social, de existir este, pertenza a persoas socias que sexan agricultoras profesionais. Estas sociedades terán por obxecto principal o exercicio da actividade agraria na explotación de que sexan titulares.

3. Ademais dos requisitos anteriores, deberán reunir algunha das seguintes condicións:

a) No caso de tratarse de sociedades cooperativas, que o sexan de explotación comunitaria da terra ou do traballo asociado dentro da actividade agraria, que acreditarán cunha certificación de tal condición expedida, para o efecto, polo órgano competente da conselleira encargada de levar o rexistro de cooperativas, xunto cunha copia dos seus estatutos.

b) No caso de tratarse de sociedade, deberá cumprir algún dos requisitos sinalados a seguir:

– Que, polo menos, o 50 por 100 das persoas socias cumpran os requisitos exixidos á persoa agricultora profesional, en canto á procedencia de rendas e dedicación ao traballo, conforme o establecido neste decreto.

– Que, polo menos, dous terzos das persoas socias que sexan responsables da xestión e administración cumpran os requisitos exixidos á persoa agricultora profesional en canto á dedicación ao traballo e procedencia de rendas, referidos á explotación asociativa, acreditados, igualmente, segundo o disposto neste decreto; así como no sinalado nas letras b), c), d) e e) do artigo 14.1º, ademais, que dous terzos, polo menos, do volume do traballo desenvolvido na explotación sexa achegado polas persoas socias que cumpran os requisitos anteriormente sinalados.

c) Ser explotación agraria asociativa que se constituía por agrupación de, polo menos, dúas terceiras partes da superficie da explotación baixo unha soa estrema, sen que a superficie achegada por unha persoa socia supere o 40 % da total da explotación.

Neste suposto, polo menos unha das persoas socias debe ser agricultor/a a título principal, segundo se define no artigo 4.9, e cumprir as restantes exixencias que se establecen no artigo 14.1 para as persoas agricultoras que sexan persoas físicas, en canto á capacitación, idade, afiliación á Seguridade Social e residencia.

4. Para os efectos do disposto nos puntos 2 e 3 anteriores, consideraranse rendas procedentes da explotación as remuneracións que reporten as persoas socias polo traballo de todo tipo desenvolvido na explotación, as contraprestacións pola cesión a esta de terra ou outros medios de produción e polas súas achegas ao capital social e as súas respectivas participacións nos resultados positivos da explotación.

Artigo 19. Explotacións prioritarias en zonas de montaña

Como excepción ao disposto no artigo 12.4º, tamén poderán ser cualificadas como prioritarias aquelas explotacións situadas en concellos cualificados de montaña, de acordo co Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nas cales a súa titularidade recaia nunha persoa física ou nunha entidade asociativa sempre que a renda unitaria de traballo sexa inferior ao 120 % da renda de referencia e cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

1. Persoas físicas: os exixidos no artigo 14 e acreditados de acordo co disposto nel.
2. Entidades asociativas: a maioría das persoas socias deberán ser agricultoras profesionais, de acordo co establecido no artigo 18, e ocupar polo menos unha unidade de traballo agrario (UTA).

**CAPÍTULO IV
Explotacións agrarias de titularidade compartida****Artigo 20. Obxecto e finalidade**

1. As explotacións agrarias que cumpran os requisitos establecidos neste capítulo e no capítulo II da Lei 35/2011 terán a consideración de explotacións agrarias de titularidade compartida.

2. A consideración dunha explotación como de titularidade compartida acreditarase mediante certificación para o efecto, expedida pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de produción agropecuaria, que se remitirá á persoa interesada e ao órgano competente do ministerio competente en materia de agricultura, para os efectos da súa inclusión na sección correspondente ao Rexistro de Titularidade Compartida creado pola Lei 35/2011.

Artigo 21. Administración, representación e responsabilidade da explotación agraria compartida

1. A administración corresponderá a ambas as persoas cotitulares conxuntamente.
2. A representación será solidaria, con excepción dos actos que supoñan disposición, alleamento ou gravame da explotación, nos cales a representación será mancomunada.

3. A responsabilidade será directa, persoal, solidaria e ilimitada das dúas persoas titulares.

Artigo 22. Requisitos das persoas titulares

As persoas titulares da explotación agraria en réxime de titularidade compartida deberán:

- Estar dadas de alta na Seguridade Social.
- Exercer a actividade agraria e traballar nela de modo directo e persoal tal e como está definido na Lei 19/1995, do 4 de xullo.
- Residir na comarca da explotación ou noutra limítrofe a esta.

Artigo 23. Sección de inscrición da titularidade compartida no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

1. A inscrición nesta sección terá carácter constitutivo e realizarase mediante a presentación dunha declaración conxunta en que se faga constar o seguinte:

- a) Datos de identificación persoal.
- b) Datos de identificación da explotación.
- c) Datos dos bens e dereitos que conforman a explotación agraria de titularidade compartida. En particular, no caso de bens inmoables e de dereitos reais sobre estes, deberase especificar a referencia catastral e calquera outro dato que puiden resultar da normativa vixente.
- d) Número de identificación fiscal asignado pola Administración tributaria competente conforme o artigo 9 da Lei 35/2011, do 5 de outubro.
- e) Datos identificativos da conta bancaria asociada á titularidade compartida.
- f) Datos identificativos do representante, se for o caso, da titularidade compartida.
- g) Certificado de matrimonio ou certificado de inscrición de parella de feito, ou aseveración de vinculación de análoga relación de afectividade incluída na declaración conxunta.

2. No prazo de tres meses efectuaranse as comprobacións que foren pertinentes e, efectuada a inscrición dentro do dito prazo, os seus efectos retrotraeranse ao momento da presentación realizada polas partes a que se refire o número 1. Transcorrido ese prazo sen contestación denegatoria por parte do rexistro, entenderase efectuada a inscrición por silencio administrativo.

3. Tras a conveniente inscrición expedirase un certificado no cal consten, como mínimo, os datos a que se refire o número 1.

4. A inscrición nesta sección do rexistro suporá o cambio de oficio na titularidade das explotacións agrarias, agás declaración contraria das persoas constituíntes da titularidade compartida e, conseguintemente, na titularidade do gando, nos dereitos de axudas (pago único, vacas nutrices, ...), nos dereitos de produción (cotas lácteas, ...), primas ou calquera outra medida de efecto equivalente a elas asociada, sen necesidade de consentimento expreso. Estes cambios, consonte ao artigo 2.2 da Lei 35/2011, non suporán afectación ao réxime xurídico civil de bens e dereitos.

5. Só poderá constituírse unha única titularidade compartida entre dúas persoas, debendo incluír sempre todas as unidades produtivas constitutivas da explotación agraria.

6. Para os efectos de coordinación rexistral, e en atención ao artigo 7 da Lei 35/2011, do 5 de outubro, comunicaránselle trimestralmente ao ministerio con competencias en materia agraria os datos facilitados polas persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida, así como as súas variacións, para os efectos da súa constancia nesta sección do rexistro.

CAPÍTULO V Outras explotacións agrarias

Artigo 24. *Outras explotacións agrarias*

1. Aquelas explotacións agrarias que non cumpren os requisitos para seren prioritarias, pero desenvolven a actividade agraria, inscribíranse de acordo cos artigos 6 e 8 no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, na sección correspondente a «Outras explotacións».

2. Para acreditar tal circunstancia, a persoa solicitante deberá achegar documento que demostre que figura de alta na actividade agraria no ministerio competente en materia de economía e, no caso de que a persoa titular sexa unha entidade asociativa, tamén deberá achegar copia dos estatutos ou documento de constitución desta.

3. En caso de que a persoa titular sexa agricultor/a profesional, de acordo coa definición contida no artigo 4.8, deberá acreditar tal circunstancia segundo o referido no artigo 14.1.a).

4. Quedan exceptuadas destes requirimentos as explotacións consideradas como de autoconsumo.

Disposición adicional única. *Tramitación electrónica*

A tramitación do procedemento administrativo instaurado co presente decreto poderá realizarse tamén a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, unha vez que o procedemento de sinatura electrónica así o permita, sen prexuízo da canle de comunicación que elixa o cidadán na súa relación coa Administración, en atención aos artigos 6.1 e 27.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición transitoria única

Todas as explotacións agrarias da comunidade autónoma facilitarán á consellería competente en materia agraria os datos necesarios para a súa inscrición ou actualización no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, no prazo que regulamentariamente se determine.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a consellería con competencia en materia agraria para ditar as disposicións administrativas xerais precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de outubro de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar